40 PUNTOS

1. Aprobación do Plan Xeral de Ordenación Municipal.
2. Revisión do Plan Especial do Casco Histórico que permita máis flexibilidade na supresión de barreiras arquitectónicas e na dispoñibilidade de garaxes nas vivendas.
3. Destinar 125.000 euros anuais para a rehabilitación de vivendas no Casco Histórico.
4. Demandarlle á Xunta de Galicia e ao Goberno Central a continuidade das axudas á rehabilitación e ao mantemento da Oficina de Rehabilitación, convertendo esta no eixo da información de todo tipo de axudas á vivenda.
5. Destinar 25.000 euros anuais a axudas dirixidas a melloras nos locais comerciais no Casco Histórico.
6. Conxelación do Imposto de Bens Inmobles (IBI)a partir do presente ano.
7. Establecer un 90% de bonificación do Imposto de Construción para a instalación de ascensores en edificios xa construídos.
8. Baixada dun 10% do Imposto de Vehículos (IVTM).
9. Rebaixa dun 25% do Imposto de Construción para as obras menores e de rehabilitación, mantendo esta bonificación no 90% nas realizadas no Casco Histórico.
10. Demandarlle ao Ministerio de Fomento a entrega da estrada N-VI entre Queirís e a Ponte Nova, previa indemnización do Ministerio ao Concello, de acordo coa lexislación vixente, liberando así aos propietarios limítrofes con esta estrada das distancias que fixa o Ministerio a efectos urbanísticos.
11. Continuar coas negociacións con Renfe e Fomento para a supresión do paso a nivel do Porto.
12. Seguir aumentando os recursos destinados á mellora de prazas,rúas e seguridade viaria.
13. Continuar coas medidas de aforro enerxético iniciadas, instalando novas tecnoloxías que melloran a iluminación das nosas rúas e abaratan os custos de mantemento e de consumo de enerxía eléctrica.
14. Aumentar a gratuidade nos estacionamentos ata estancias de 30 minutos no aparcadoiro soterrado.
15. Incrementar as campañas de apoio e promoción de eventos e feiras e mercados para consolidar o sector comercial e hostaleiro, colaborando coa Asociación de Comerciantes e Empresarios de Betanzos.
16. Seguir incrementando as becas escolares e as bonificacións no comedor escolar.
17. Establecer unha liña de axudas a estudantes que cursen estudios superiores.
18. Demandar e colaborar coa Xunta de Galicia para rehabilitar o CIEP Francisco Vales Villamarín. Demandar que o novo Colexio de Educación Infantil funcione como un colexio independente e non como un aulario, colaborando coa ANPA e coa Dirección do Centro.
19. Remodelación das instalacións deportivas municipais.
20. Dotar de cuberta, polo menos, a dous parques infantís acorde no deseño coa súa situación.
21. Realización de cursos formativos para a mocidade e parados de longa duración. Crear a Bolsa de emprego do Concello de Betanzos para prestar un servizo de intermediación laboral entre persoas desempregadas e empresas en busca de traballadores/as.
22. Bonificar o Imposto de Construción ás empresas que se instalen nos Polígonos Industriais do noso Concello.
23. Continuar incrementando os recursos destinados á limpeza, mantemento de zonas axardinadas, parques, desbroces en vías municipais e limpeza nas marxes dos ríos.
24. Seguir aumentando os recursos destinados á mellora de prazas, rúas, seguridade viaria e supresión de barreiras arquitectónicas.
25. Seguir apostando polo mantemento e polas melloras da zona rural (camiños, seguridade viaria, alumeados públicos, Centros Sociais, sinalización, fontes e lavadoiros).
26. Completar o Plan de sinalización municipal iniciado.
27. Continuar mellorando e ampliando o Servizo de Transporte Adaptado.
28. Proseguir coa firma de convenios e coa convocatoria de subvencións destinadas aos clubs e asociacións municipais.
29. Mellorar a informatización e as dotacións do Museo, Biblioteca, Colexio Público e Centros Sociais.
30. Manter a actividade cultural e a posta en marcha de novos servizos, como o Cine Alfonsetti.
31. Modificación das ordenanzas fiscais e sinatura de acordos con entidades e asociacións da cidade, para permitir a aplicación de descontos aos usuarios do Carne Xove, tanto nos servizos municipais (piscina, polideportivo, escola municipal de folclore, etc) como noutros que poidan prestar outras entidades.
32. Ampliación e dotación de novos medios e infraestruturas para os locais municipais de ensaio.
33. Continuar coa labor de promoción da actividade artística e musical dos mozos/as do concello coa organización de ciclos de concertos e festivais.
34. Promoción turística do Concello a través de feiras, campañas publicitarias, novos folletos de información turística,...Revisión das Festas Patronais para deseñar programacións de hoxe en día promocionando o noso Concello.
35. Aumentar as axudas de Emerxencia Social e estreitar a colaboración coas entidades que traballan no ámbito social e asistencial.
36. Potenciar os Talleres de Memoria, a balnearioterápia e os actos e programas dirixidos á terceira idade.
37. Reforzar o Programa do Banco de Alimentos.
38. Seguir mellorando os servizos para a cidadanía.
39. Compromiso de facilitar a Asistencia Básica Domiciliaria a todas aquelas persoas que teñen solicitada á Xunta de Galicia a Dependencia e, a pesar de ter dereito, non recibiran resposta en catro meses. Continuar demandando o Centro de Día.
40. Adquisición de material para axuda técnica (camas eléctricas, grúas, etc..) para préstamo ás persoas necesitadas.